

**SECRETARÍA XERAL**  
**Xestión de Xuntas de Goberno**  
**2021/G007/000020****D. JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA, SECRETARIO XERAL, DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)****C E R T I F I C A:**

Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o xoves 30 de setembro de 2021, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

**“13. CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA PROGRAMAS DE IGUALDADE E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO DIRIXIDAS A ENTIDADES. ANO 2021.-**

**ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL****Proposta de Acordo****IGUALDADE**  
**Exp. 2021/A002/000003****CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA PROGRAMAS DE IGUALDADE E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO DIRIXIDAS A ENTIDADES. ANO 2021**

A Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada por medios telemáticos o xoves 13 de maio de 2021, aprobou a convocatoria de subvencións para programas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero dirixidas a entidades, durante o ano 2021

Foron presentadas un total de 8 solicitudes, correspondentes a sete entidades, presentando unha das entidades polas dúas liñas de subvención establecidas. Todas as entidades que solicitaron subvención fixérono dentro do prazo de solicitude establecido na convocatoria, en tempo e forma.

As solicitudes presentadas foron as seguintes:

<b>Rexistro entrada</b>	<b>Entidade</b>	<b>NIF</b>	<b>Liña</b>	<b>Prioridade</b>	<b>Actividade</b>	<b>Cantidade solicitada</b>	<b>Orzamento presentado</b>	<b>Coefficiente financiamento</b>
-------------------------	-----------------	------------	-------------	-------------------	-------------------	-----------------------------	-----------------------------	-----------------------------------

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixox.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

2021/7583	CEIP PONTE DOS BROZOS	Q6555285 C	Igualdade	1	Os xoguetes non teñen xénero	2.000,00 €	2.500,00 €	0,80
			VX	2	O PDB di non á violencia de xénero	NON VALORADA (ARTIGO 6 BASES)		
2021/999/4304	EEI VILARRODÍS	Q6555699E	Igualdade	1	O doméstico é cousa de...	600,00 €	750,00 €	0,80
2021/999/4333	CEIP GALÁN	Q6555731F	Igualdade	1	Visibilización de mulleres Arteixáns...	800,00 €	1.000,00 €	0,80
2021/999/4344	EEI BARRIONOVO	Q6555287I	Igualdade	1	Os roles de xénero. O ratiño presumido	360,00 €	450,00 €	0,80
2021/999/4358	ASOC. SOCIOCULTURAL EN PAGINA IMPAR	G01763283	Igualdade	1	Investigación hca da evolución do papel das mulleres na política arteixá	4.455,00 €	5568,75	0,80
2021/999/4386	ASOC. O JRILLO CARNICEIRO	G70282686	Igualdade	1	Pastoriza, cultura e ocio en Igualdade	1.000,00 €	1.250,00 €	0,80
2021/999/4404	CLUB CICLISTA ARTEIXO MB3	G15826571	Igualdade	1	Campus rodando juntas MB3	950,00 €	1.200,00 €	0,79

Todas as solicitudes presentadas dan cumprimento ós requisitos establecidos nas Bases, sendo todas elas admitidas.

A Comisión de Avaliación, composta pola Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, D<sup>a</sup> Inés Ramos Álvarez (presidenta), a directora do CIM, D<sup>a</sup> Victoria Rey Mariño (secretaria), a técnica do CIM, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Karina Pérez Graña (vocal) e a Concelleira de Servizos Económicos (excusa a súa asistencia por motivos xustificadas), reuniuse o 4 de agosto de 2021 para a avaliación das solicitudes presentadas segundo os criterios reflectidos no artigo 8.1 das Bases reguladoras. Resulta a seguinte valoración:

Entidade	NIF	Liña	Prioridade	Actividade	Puntuación obtida	Porcentaxe financiamento
CEIP PONTE DOS BROZOS	Q6555285 C	Igualdade	1	Os xoguetes non teñen xénero	65	50%

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixox.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

EEI VILARRODÍS	Q6555699E	Igualdade	1	O doméstico é cousa de...	70	60%
CEIP GALÁN	Q6555731F	Igualdade	1	Visibilización de mulleres Arteixáns...	79	80%
EEI BARRIONOVO	Q6555287I	Igualdade	1	Os roles de xénero. O ratiño presumido	65	50%
ASOC. SOCIOCULTURAL EN PAGINA IMPAR	G01763283	Igualdade	1	Investigación hca da evolución do papel das mulleres na política arteixá	80	80%
ASOC. O JRILLO CARNICEIRO	G70282686	Igualdade	1	Pastoriza, cultura e ocio en Igualdade	65	50%
CLUB CICLISTA ARTEIXO MB3	G15826571	Igualdade	1	Campus rodando juntas MB3	68	60%

A entidade CEIP Ponte dos Brozos solicita subvención para os dous programas (igualdade e violencia) . Tal e como recolle o artigo 6 das Bases reguladoras, só se concede subvención a un dos programas xa que o importe total das solicitudes é superior ó orzamento destinado pola concellaría ás subvencións que nos ocupan. Realizouse unicamente a valoración da liña 1 (igualdade) por ser a prioridade elixida pola entidade.

Segundo o Extracto da convocatoria, a contía total máxima que se destina a estas subvencións para o ano 2021 é de 3.500€, quedando condicionada a concesión á existencia de crédito suficiente. Feita a valoración das solicitudes, estimouse que o importe total da concesión sería de 6.814,00€.

Segundo o establecido no artigo 2 das bases reguladoras o Concello poderá habilitar maior crédito dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias ou modificar as contías máximas previstas para as subvencións da mesma Concellaría no orzamento municipal anual. Por Xunta de Goberno Local do 2 de setembro de 2021, aprobouse a ampliación do importe total do crédito aprobado por un importe de 3.314,00€, con cargo á partida orzamentaria 231.48903. Unha vez efectuada esta ampliación, o importe total desta liña de axudas ascende a 6.814,00€.

Visto o informe técnico emitido pola directora-psicóloga do CIM, Victoria Rey Mariño, con CVD VD: 0W2/+3zVbeFy7wsXk0VZ con data 28 de setembro de 2021.

Por todo o exposto e previa fiscalización da Intervención, propónse a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Conceder as seguintes subvencións a favor das entidades que se relacionan a continuación, e polas contías que se especifican para os seguintes fins, comprometendo o gasto correspondente con cargo á partida 231.48900 do Orzamento de 2021:

Entidade	NIF	Actividade	Cantidade solicitada	Contía concedida
CEIP PONTE DOS BROZOS	Q6555285 C	Os xoguetes non teñen xénero	2.000,00 €	<b>1.000,00 €</b>
EEI VILARRODÍS	Q6555699E	O doméstico é cousa de...	600,00 €	<b>360,00 €</b>
CEIP GALÁN	Q6555731F	Visibilización de mulleres Arteixáns...	800,00 €	<b>640,00 €</b>
EEI BARRIONOVO	Q6555287I	Os roles de xénero. O ratiño presumido	360,00 €	<b>180,00 €</b>
ASOC. SOCIOCULTURAL EN PAGINA IMPAR	G01763283	Investigación hca da evolución do papel das mulleres na política arteixá	4.455,00 €	<b>3.564,00 €</b>
ASOC. O JRILLO CARNICEIRO	G70282686	Pastoriza, cultura e ocio en Igualdade	1.000,00 €	<b>500,00 €</b>
CLUB CICLISTA ARTEIXO MB3	G1582657I	Campus rodando juntas MB3	950,00 €	<b>570,00 €</b>

**Segundo.-** Conceder de prazo **ata o 30 de novembro de 2021** para que as entidades beneficiarias presenten a correspondente xustificación das contías que se indican a continuación e nos termos previstos no artigo 13 das Bases reguladoras:

Entidade	NIF	Actividade	Contía concedida	Contía a xustificar
CEIP PONTE DOS BROZOS	Q6555285C	Os xoguetes non teñen xénero	1.000,00 €	1.250,00 €
EEI VILARRODÍS	Q6555699E	O doméstico é cousa de...	360,00 €	450,00 €
CEIP GALÁN	Q6555731F	Visibilización de mulleres Arteixáns...	640,00 €	800,00 €
EEI BARRIONOVO	Q6555287I	Os roles de xénero. O ratiño presumido	180,00 €	225,00 €
ASOC. SOCIOCULTURAL EN PAGINA IMPAR	G01763283	Investigación hca da evolución do papel das mulleres na política arteixá	3.564,00 €	4.455,00 €
ASOC. O JRILLO CARNICEIRO	G70282686	Pastoriza, cultura e ocio en Igualdade	500,00 €	625,00 €
CLUB CICLISTA ARTEIXO MB3	G15826571	Campus rodando juntas MB3	570,00 €	720,00 €

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo ás entidades solicitantes e publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios do concello, así como na páxina web, en cumprimento do artigo 9 das Bases

\*\* Polo Secretario Xeral, dase conta que obra no expediente informe de fiscalización (CVD: 4An5/LoBWjBBVkZJ1JZb), emitido pola Viceinterventora Municipal, Dna. Mónica Bello Novo, en data 29 de setembro de 2021, co seguinte resultado de fiscalización:

“Tendo en conta o exposto, e á vista da documentación que consta no expediente, infórmase de CONFORMIDADE o expediente, coas seguintes consideracións:

Se ben as Bases prevén a posibilidade de ampliar o crédito, é contrario á necesaria planificación orzamentaria a modificación das previsións en función da concorrencia puntual segundo a convocatoria. Neste caso, duplicouse o crédito unha vez que se coñecen ás entidades presentadas. Sendo así, non sería necesario prever criterios de selección nin ter

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

comisións avaliadoras de proxectos presentados, xa que todo aquel que concorra percibirá unha subvención.

Ademais, ampliando o crédito e non a convocatoria, estase limitando a concorrencia doutras entidades interesadas que, ó mellor, coñecendo o importe, teríanse presentado á convocatoria."

\*\* Así mesmo, polo Secretario Xeral, advírtese duns erros nos acordos primeiro, no relativo á partida orzamentaria e ó nome da Asociación O Jriilo Carniceiro, este último tamén aparece mal na taboa do acordo segundo, xa que onde dí: <... con cargo á partida 231.48900 do Orzamento de 2021...> e <... ASOC. O JRILLO CARNICEIRO...>, debería dicir: <... con cargo á partida 231.48903 do Orzamento de 2021...> e <... ASOC. O JRILLO CARNICEIRO...>, polo que procede corrixilos ó amparo do art. 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Visto o anterior, e considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno Local en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante decreto 415/2020 de data 20 de Febreiro do 2020, a Xunta de Goberno Local, en VOTACIÓN ORDINARIA e por UNANIMIDADE, acorda tomar razón dos erros advertidos polo Secretario Xeral e prestar aprobación aos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida coas correccións dos erros sinalados ao amparo do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, quedando redactados os acordos co seguinte teor literal:

**Primeiro.-** Conceder as seguintes subvencións a favor das entidades que se relacionan a continuación, e polas contías que se especifican para os seguintes fins, comprometendo o gasto correspondente con cargo á partida 231.48903 do Orzamento de 2021:

Entidade	NIF	Actividade	Cantidade solicitada	Contía concedida
CEIP PONTE DOS BROZOS	Q6555285 C	Os xoguetes non teñen xénero	2.000,00 €	<b>1.000,00 €</b>
E EI VILARRODÍS	Q6555699E	O doméstico é cousa de...	600,00 €	<b>360,00 €</b>
CEIP GALÁN	Q6555731F	Visibilización de mulleres Arteixáns...	800,00 €	<b>640,00 €</b>
E EI BARRIONOVO	Q6555287I	Os roles de xénero. O ratiño presumido	360,00 €	<b>180,00 €</b>

ASOC. SOCIOCULTURAL EN PAGINA IMPAR	G01763283	Investigación hca da evolución do papel das mulleres na política arteixá	4.455,00 €	<b>3.564,00 €</b>
ASOC. O JRILLO CARNICEIRO	G70282686	Pastoriza, cultura e ocio en Igualdade	1.000,00 €	<b>500,00 €</b>
CLUB CICLISTA ARTEIXO MB3	G15826571	Campus rodando juntas MB3	950,00 €	<b>570,00 €</b>

**Segundo.-** Conceder de prazo **ata o 30 de novembro de 2021** para que as entidades beneficiarias presenten a correspondente xustificación das contías que se indican a continuación e nos termos previstos no artigo 13 das Bases reguladoras:

Entidade	NIF	Actividade	Contía concedida	Contía a xustificar
CEIP PONTE DOS BROZOS	Q6555285C	Os xoguetes non teñen xénero	<b>1.000,00 €</b>	<b>1.250,00 €</b>
EEI VILARRODÍS	Q6555699E	O doméstico é cousa de...	<b>360,00 €</b>	<b>450,00 €</b>
CEIP GALÁN	Q6555731F	Visibilización de mulleres Arteixáns...	<b>640,00 €</b>	<b>800,00 €</b>
EEI BARRIONOVO	Q6555287I	Os roles de xénero. O ratiño presumido	<b>180,00 €</b>	<b>225,00 €</b>
ASOC. SOCIOCULTURAL EN PAGINA IMPAR	G01763283	Investigación hca da evolución do papel das mulleres na política arteixá	<b>3.564,00 €</b>	<b>4.455,00 €</b>
ASOC. O JRILLO CARNICEIRO	G70282686	Pastoriza, cultura e ocio en Igualdade	<b>500,00 €</b>	<b>625,00 €</b>

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CLUB CICLISTA ARTEIXO MB3	G15826571	Campus rodando juntas MB3	570,00 €	720,00 €
------------------------------	-----------	------------------------------	----------	----------

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo ás entidades solicitantes e publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios do concello, así como na páxina web, en cumprimento do artigo 9 das Bases.”

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Carlos Calvelo Martínez, que se asina dixitalmente en Arteixo por ambos, á data sinalada no documento electrónico, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.